

## **REGULAMENTO DAS AGRUPACIÓNS E DELEGACIÓNS DE AGACAMT .**

### **Capítulo I: Constitución, denominación, domicilio e ámbito de actuación.**

#### **Artigo 1.**

1. Poderán constituirse Agrupacións Provinciais e Comarcais da Asociación Galega contra o Acoso Moral no Traballo (AGACAMT), de acordo co establecido no Artigo 3 dos seus ESTATUTOS, que contén cun mínimo de 3 asociados no seu ámbito territorial, e previa solicitude á Comisión Executiva da Asociación.
2. As competencias e funcións das Agrupacións Provinciais e Comarcais, recoñecidas nos artigos 4 e 5 deste Regulamento, teñen a consideración de delegadas por AGACAMT .
3. As Agrupacións Provinciais poderán, a súa vez, ser substituídas co as mesmas ou semellantes funcións e competencias por Agrupacións Comarcais que poidan cubrir, no seu conxunto, o ámbito provincial, sendo o presente Regulamento tamén de aplicación a estas últimas.
4. Nos ámbitos onde non existan Agrupacións, poderán formarse Delegacións, ó fronte das cales estará un Delegado designado pola Xunta Directiva de AGACAMT.

#### **Artigo 2.**

1. A constitución da Agrupación farase en Asemblea de tódolos asociados da mesma, previa convocatoria dos mesmos, e coa presenza alomenos do Presidente e/ou o Secretario de Agacamt ou doutras persoas da Comisión Executiva por delegación do Presidente, da que se levantará Acta que se remitirá á Comisión Executiva de AGACAMT.
2. A constitución da Agrupación provincial ou comarcal ratificaráse na Asemblea General de Agacamt.
3. A Acta de Constitución deberá incorporar como anexos os Estatutos e a composición da súa Comisión Executiva, para a súa remisión polo Secretario/a Xeral de AGACAMT co Vtº e Prace do Presidente/a á Dirección Xeral de Interior e Protección Civil da Consellería de Xustiza e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, ó efecto da súa inscrición no Rexistro de Asociacións
4. Os Delegados serán designados ou revocados pola Xunta Directiva, e ratificados en Asemblea Xeral de AGACAMT.

#### **Artigo 3.**

1. Na acta de constitución da Agrupación figurará o seu domicilio que poderá ser provisorio ou definitivo, así como o seu ámbito territorial de actuación.
2. Na acta de designación de Delegado deberá figurar o seu domicilio, e o ámbito territorial da Delegación.

### **Capítulo II: Obxecto e fins.**

#### **Artigo 4.**

De modo xeral, as Agrupacións e as Delegacións axustaranse no seu obxecto e fins ó establecido no Artigo 4 dos ESTATUTOS de AGACAMT, coa salvedade de que aqueles acordos que conleven a adquisición de compromisos dos que se poida responsabilizar á AGACAMT, sexan de carácter económico -xurídico ou de calquera outro tipo, deberán contar sempre co acordo expreso da Comisión Executiva de AGACAMT para que sexan válidamente executables.

#### **Artigo 5.**

As Agrupacións e Delegacións, para alcanza-los seus obxectivos procurarán, de modo particular, o desenvolvemento dentro das súas posibilidades das actividades seguintes:

- a) Mantemento no seu ámbito dunha colaboración estreita coa Comisión Executiva de AGACAMT, difundido os seus acordos, comunicacións e formación entre os asociados, así como os acordos e directrices da Asemblea Xeral.
- b) Apoio ás vítimas de acoso sexan ou non asociados.
- c) Desenvolvemento de actividades de prevención, mediación e defensa dos acosados.
- d) Designación de socios de apoio directo ós asociados acosados que precisen unha axuda especial.
- e) Ampliación da súa Agrupación con novos asociados.
- f) Procura da posta ó día da cuota dos asociados morosos.
- g) Recaba-lo apoio social e institucional a favor da súa Agrupación ou Delegación, e de AGACAMT .
- h) Organización de actos tendentes á difusión da problemática do Acoso Moral e Psicolóxico no Traballo.
- i) Estimula-la participación e democracia interna no seo da Agrupación ou Delegación.
- k) Mantemento da autonomía institucional da Agrupación fronte a calquera outra entidade pública ou privada.
- l) Calquera outra actividade conducente ó mellor cumprimento dos fins e obxectivos de AGACAMT .

### **Capítulo III: Dos membros da Agrupación ou Delegación, dos seus dereitos e obrigas.**

#### **Artigo 6.**

Formarán parte de cada Agrupación ou Delegación tódolos socios de AGACAMT, domiciliados no ámbito territorial da mesma, que teñan as súas cuotas ó día. Todos eles terán dereito a voz e voto nas Asambleas.

#### **Artigo 7.**

Os seus dereitos e obrigas son os que se sinalan neste Regulamento, amais dos que figuran nos artigos 27, 28 e 29 dos ESTATUTOS de AGACAMT .

### **Capítulo IV: Órganos de goberno e Administración.**

#### **Artigo 8.**

1. As Agrupacións Provinciais e Comarcais de AGACAMT estarán rexidas polos órganos seguintes:

- A) Asemblea Xeral de asociados.
- B) Comisión Executiva.

2. As Delegacións estarán rexidas por:

- A) Asemblea Xeral de asociados.
- B) Delegado.

### **Artigo 9.**

1. A Asemblea Xeral é o máximo órgano da Agrupación ou Delegación. Será convocada polo seu Presidente/a e notificada polo Secretario/a, que o serán tamén da Executiva da Agrupación, ou ben polo Delegado, no seu caso, cunha antelación mínima de sete días.
2. Estará composta pola totalidade dos membros da Agrupación ou Delegación.
3. Reunirase con carácter ordinario alomenos anualmente, e con carácter extraordinario cando o xulgue oportuno a Comisión Executiva, ou o Delegado, no seu caso, ou o soliciten por escrito un número de asociados non inferior ó vintecinco por cento.

### **Artigo 10.**

Son facultades da Asemblea Xeral:

- a) Fixa-las liñas xerais de actuación da Agrupación ou Delegación, para o desenvolvemento e coordinación dos acordos e directrices dos órganos superiores de Agacamt.
- b) Elixir e renova-los membros da Comisión Executiva nas Agrupacións.
- c) Examinar ou aprobar, se procedese, a Memoria anual, Balance económico e Orzamentos anuais de ingresos e gastos, no caso das Agrupacións.
- d) Aprobar por maioría absoluta dos seus membros, en sesión extraordinaria, a disolución da Agrupación ou Delegación, ou a conversión duna en outra, para su posterior ratificación en Asemblea Xeral de Agacamt.
- e) A creación de Comisións e a designación de quen ten que constituílas, para contribuir ó mellor logro dos fins e obxectivos da Agrupación.

### **Artigo 11.**

Os demais acordos da Asemblea Xeral tomaranse por maioría de votos na sesión, e reflectiranse no Libro de Actas correspondente. Para a súa validez será preciso a asistencia do Presidente/a e Secretario/a e cuarta parte, cando menos, dos membros da Agrupación con dereito a voto. En caso de non concorrer dito número, reunirase media hora máis tarde, e os acordos serán válidos cando estea presente o Presidente/a e sexan aprobados por maioría de tódolos asociados presentes con dereito a voto.

### **Artigo 12.**

1. A Comisión Executiva é o órgano ordinario de goberno e executivo dunha Agrupación, e estará composta por:
  - A) Presidente/a.
  - B) Vicepresidente/a.
  - C) Secretario/a.
  - D) Tesoreiro/a.
  - E) Opcionalmente, poderá contar con varios vocais, con funcións a decidir polo Presidente.
  - F) Os cargos das letras A), B), C) e D) son incompatibles con calquera dos mesmos cargos da Xunta Directiva de Agacamt.

2. Nas Delegacións, o órgano ordinario de goberno será o Delegado e, opcionalmente, varios vocais designados polo mesmo.
3. O representante da Agrupación Comarcal ou Provincial na Xunta Directiva de AGACAMT será o Presidente, ou o membro da Executiva en quen él delegue. Cando as dimensións da Agrupación así o aconsellen, unha mesma persoa poderá cubrir mais dunha función. Nas Delegacións o representante será o Delegado.

### **Artigo 13.**

1. A elección de tódolos membros da Comisión Executiva dunha Agrupación, así como a cobertura de vacantes, correspóndelle á Asemblea Xeral da mesma,
2. Tódolos membros da Comisión Executiva serán elixidos por un período de dous anos, renovables por outros dous. Ningún membro da Executiva poderá permanecer mais de dous períodos consecutivos de dous anos no mesmo cargo.
3. O Secretario/a da Agrupación, co Vtº e Prace do Presidente/a, anunciará cunha antelación mínima de sete días a data de celebración da Asemblea Xeral, dentro do primeiro cuatrimestre do ano que corresponda renova-la.

### **Artigo 14.**

1. Correspóndelle á Comisión Executiva dunha agrupación:
  - A) Executa-los acordos da Asemblea Xeral
  - B) Coordina-la execución dos acordos e directrices dos órganos superiores de AGACAMT.
  - C) Impulsa-la asociación no seu ámbito.
  - D) Redacta-los seus orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como a Memoria anual de xestión e confecciona-lo Balance económico, para render contas a súa Asemblea Xeral. Unha copia destes documentos remitirase anualmente, na primeira quincena de xaneiro, ó Secretario/a Xeral de AGACAMT .
  - E) Acorda-lo desenvolvemento de todo tipo de actividades e tomar todo tipo de acordos conducentes ó mellor logro dos fins e obxectivos da Agrupación, sen menoscabo das competencias dos órganos superiores de AGACAMT.
2. Correspóndelle ó Delegado funcións similares ás anteriores, excluyendo as contidas no apartado D).

### **Artigo 15.**

1. A Comisión Executiva dunha agrupación reunirse alomenos unha vez cada mes, e con carácter extraordinario sempre que a convoque o Presidente/a ou o soliciten por escrito, cando menos, un tercio dos seus membros.
2. Os acordos da Comisión Executiva adoptaranse por maioría de votos e serán válidos sempre que se reúna a metade máis un dos compoñentes, incluído o Presidente/a que terá voto de calidade no caso de empate.

### **Artigo 16.**

Correspóndelle ó Presidente/a dunha agrupación:

- a) Representa-la Agrupación en tódolos actos.
- b) Convocar e presidi-las reunións da Asemblea Xeral e da Comisión Executiva.
- e) Fixa-la Orde do Día.
- d) Asina-las Actas da Asemblea Xeral e da Comisión Executiva, estendidas polo Secretario/a.

#### **Artigo 17.**

Correspóndelle ó Vicepresidente/a dunha agrupación:

- a) Asistir e representa-lo Presidente/a en tódolos actos.
- b) Substituir provisoriamente ó Presidente/a en tódalas súas funcións nos casos de cese.
- e) A coordinación Xeral da Agrupación.
- d) Responsabilizarse na Comisión Executiva dalgunha Area específica, se así se acorda pola Asemblea Xeral ou pola Comisión Executiva.
- e) Coordina-lo funcionamento das Comisións.

#### **Artigo 18.**

Correspóndelle ó Secretario/a dunha agrupación:

- a) Actuar como tal nas sesións da Asemblea Xeral, Comisión Executiva e das outras Comisións, estendendo Acta delas e dos acordos que asinará co Vtº e Prace do Presidente/a, así como certificar e notificar éstes ós órganos e organismos que corresponda.
- b) A súa ausencia non impedirá a válida constitución das sesións e a toma de acordos, exercendo en tal caso as súas funcións un dos membros asistentes que o sexa da Comisión Executiva.
- c) Farase cargo do Rexistro, Arquivo, correspondencia e asinamento dos documentos xunto co Presidente/a.
- d) Leva-lo control dos morosos e dar conta das altas e baixas ó Secretario/a Xeral de AGACAMT .
- e) Elabora-lo proxecto de Memoria da Xestión anual.
- f) Realiza-los demais cometidos específicos inherentes ó seu cargo.

#### **Artigo 19.**

Correspóndelle ó Tesoreiro dunha agrupación:

- a) Leva-la contabilidade da Agrupación.
- b) Redacta-lo presuposto anual, para a súa aprobación pola Comisión Executiva e Asemblea Xeral.
- c) Prepara-lo proxecto de Balance anual para o seu exame pola Comisión Executiva, que o presentará na Asemblea Xeral para a súa aprobación.

#### **Artigo 20.**

Correspondélles ós vocais as funcións que, por delegación, lles asigne o Presidente.

#### **Artigo 21.**

Correspóndelle ós representantes das Comarcas na Executiva de AGACAMT:

- a) Dar a coñece-los acordos e información dos órganos colexiados de goberno de AGACAMT entre os socios de AGACAMT da súa comarca.
- b) Leva-la problemática da súa comarca ós órganos de goberno de Agacamt.
- c) Amplia-la Asociación no seu ámbito.

### **Capítulo V: Dos recursos da Agrupación e da súa xestión.**

## **Artigo 22.**

1. Cada Agrupación contará cos recursos seguintes:
  - a. Un 75% da contía das cuotas que os seus membros pagan á AGACAMT .
  - b. O cen por cento das subvencións e donacións que obteña no seu ámbito territorial cun fin determinado.
  - c. O noventa por cento das subvencións e donacións de carácter xeral , destinadas a loita contra o Acoso Moral e Psicolóxico no Traballo, que a Asociación poida obter, repartidos en función do número de asociados de cada agrupación.
2. As Agrupacions disporán da titularidade da súa/s conta/s *corrente/s* na/s que se fará efectiva, pola Xunta Directiva de Agacamt, a súa participación nas cuotas dos seus socios e o ingreso das subvencions que poida obter por si mesma ou por medio da Comisión Executiva de AGACAMT.
3. A Comisión Executiva de AGACAMT, recibirá das Agrupacións Comarcais os documentos no prazo máximo dun mes, e ésta, á súa vez, efectuará o pagamento nun prazo similar.
4. As Delegacions no contarán con recursos propios, e recibirán os que precisen da Comisión executiva de Agacamt.

## **Capítulo VI: Duración e disolución.**

### **Artigo 23.**

A duración da Agrupación ou da Delegación será indefinida.

### **Artigo 24.**

1. A Asemblea da Agrupación ou Delegación, debidamente convocada ó efecto, poderá deliberar e tomar acordos relativos a súa disolución de conformidade co artigo 10-d do presente Regulamento.
2. En caso de disolución da Agrupación ou Delegación, a súa Asemblea Xeral designará un ou varios comisarios encargados da disolución dos bens e atribuirá o activo neto a AGACAMT.

## **Capítulo VII: Modificación do Regulamento.**

### **Artigo 25.**

O Regulamento non pode ser modificado senón baixo a proposición da Asemblea Xeral, da Comisión Executiva, ou do vintecinco por cento dos asociados con dereito a voto. Nun e noutro caso, as proposicións de modificación inscribíranse na orde do día dunha Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.

### **Artigo 26.**

As proposicións de modificacións deben ser enviadas ós membros da Asemblea, polo menos, quince días antes da data de celebración da sesión.

### **Artigo 27.**

As modificacións só serán válidas se contan co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Agrupación con dereito a voto presentes na Asemblea.

### ***DISPOSICIÓN TRANSITORIA.***

A constitución da primeira Comisión Executiva farase por elección na sesión da Asemblea constituínte da Agrupación.

### ***DISPOSICIÓN FINAL.***

**En todo o non especificamente regulado no presente Regulamento, estarase ó que dispoñan os Estatutos de AGACAMT e na lexislación vixente..**

Santiago de Compostela, 19 de Mayo de 2005.